

**NOTA DE PRENSA 097/23  
10 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**FIN DE TEMPADA NO AUTOCROSS AUTONÓMICO EN CARBALLO CON 56  
EQUIPOS INSCRITOS**

Carballo acolle este sábado 11 de novembro a sexta e derradeira data do Campionato Galego de Autocross e que contará con 56 equipos na liña de saída.

O certame autonómico bota o peche cunha lista de participantes de grande calidade en todas e cada unha das categorías presentes.

Na Clase I, reservada a vehículos de menos de -1600 centímetros cúbicos, nomes como Rubén Uzal, Martín e Eloy Castro ou Isaac Calvo, entre outros, que procurarán pechar o ano cun triunfo no fermoso trazado coruñés.

Entre a sempre abondosa Clase II, con 16 participantes, os ollos estarán postos nas apaixonantes carreiras que disputan con pilotos do nivel de Antonio López Lence, Jon Ander López, Felipe Santos, Cristian Gómez ou David Blanco, entre outros moitos con opcións de victoria.

Dentro da modalidade de Carcross, 25 participantes para unha última carreira de alto voltaxe e inscritos do nivel de Javier Ramilo, Sergio Suárez, Antón Muiños, Sergio Bello ou Alberto Lorenzo ou Rubén Barreiro.

Tamén haberá cinco participantes entre os Carcross júnior, unha modalidade que o ano que ven contará con dous equipos becados pola FGA.

A proba comezará as 09:30 horas cos adestramentos libres. As clasificatorias terán lugar a partir das 14:45 horas e as finais ás 16:30 horas no trazado coruñés.